



NUMERACIÓN


NÚMEROS CARDINAIS ata o cinco



DOUTRA FORMA



Fixéronse debuxos dunha canción de infantil: el 1 es un soldado haciendo la instrucción...



NÚMEROS ORDINAIS

Nas fotos vense as fichas coas que xogaba cada neno nos taboleiros de praxias ou calquer outro xogo no que houbo varios xogadores. Aproveitáronse para traballar os números ordinais, conceptos básicos (a un lado, a outro, entre, diante, detrás...) e a execución de mandatos verbais ("colle o ...", "coloca a ...", "dame ...")



RECOÑECEMENTO DE EMOCIÓN: ledicia, tristura e anoxo.
Asociación pictograma-foto real




Na seguinte foto vense as imaxes que se empregaron: reais, de personaxes coñecidas, iconográficas, etc.



MATERIAL PARA TRABALLAR DISTINTOS CONCEPTOS MATEMATICOS

Cadro de dobre entrada na que se asocia a forma xeométrica e a cor.



Cadro de asociación cantidade, forma e color



ELABORACIÓN DE PRAXIAS PARA REFORZAR O VOCABULARIO ANIMAIS SALVAXES, SAMAIN, ENTROIDO E PRIMAVERA

En cada debuxo faise un exercicio que implica un movemento da boca, lingua, mofletes...
Por exemplo: na serpe facer ssssss, no crocodilo: abrir e pechar a boca...




NOTA IMPORTANTE: As flores foron descargandas do blogue de [maestrosdeaudicionelinguaxe](https://maestrosdeaudicionelinguaxe.com/) de María Eugenia Romero.

Pintáronse as caras de praxias do libro de “Reeducación de las dislalias” de Vallés Arándiga. Ademais de facer praxias mediante xogos de imitación serviron para traballar características físicas: cor do pelo, cor de ollos, pencas, pelo rizo, pelo liso...



SECUENCIAS DE ELABORACIÓN PROPIA

Servíronnos para a estruturación da linguaxe oral e para que os nenos interiorizaran a mecánica da secuenciación: primeiro, despois...



Tamén se fixo unha secuencia en formato powerpoint (está na carpeta do entroido) mediante a cal se observa o proceso de elaboración dunha sobremesa típica de entroido: as rosquillas. Esta secuencia non se fixo en formato papel.

ADAPTACIÓN DE MATERIAL

Axuda visual para ordenar viñetas seguindo o método de “Dime por qué” de Gloria López Garzón. Escanéáronse as imaxes, imprimíronse e plastificáronse con forro para que se puidesen dobrar tipo abano. Deste xeito, por un lado, pódese ordenar a secuecia con axuda visual e polo outro lado, sen axuda.

